

Medio rural

NON ROTUNDO AOS TRANSXÉNICOS

ECOLOXISTAS E AGRICULTORES ESIXEN UNHA ESPAÑA LIBRE DE ORGANISMOS XENETICAMENTE MODIFICADOS E PIDEN AO GOBIERNO QUE «SE POSICIONE CLARAMENTE»

► TEXTO: E.P.

A Plataforma Rural e Greenpeace esixiron esta semana unha «España libre de transxénicos» para evitar contaminacións xenéticas nos cultivos que poden xerar «importantes» perigos para a saúde das persoas e para o medio, e pedi-

ron ao Goberno que «se positione claramente» entre o modelo de agricultura transxénica ou o ecoloxista e sostible, «que é o único que realmente fomenta o emprego no medio rural».

Así, no transcurso da presentación da campaña 'Non quero

transxénicos', que impulsan a Plataforma Rural —formada por 21 organizacións agrarias e ecoloxistas— e Greenpeace, os relatores subliñaron, en vésperas do 'Día Mundial contra os transxénicos', que en España «é inviable un modelo de coexistencia entre a agri-

cultura ecolóxica e a transxénica» e destacaron o «impacto negativo» que supuxo para a natureza dende a súa primeira aplicación, fai de dez anos.

«Non ten ningún tipo de seguridad ou control e ningúen responde polos danos que xeran estas clases de cultivos», denunciou o responsable da área de Agricultura e Alimentación de Amigos da Terra, David Sánchez. «En cinco países da Unión Europea xa prohibiron a súa utilización porque diversos estudos conseguiron

demostrar que son nocivos para a saúde e a biodiversidade, pero é inadmisible que neste país non fora así», lamentou.

Neste sentido, o coordinador de Ecoloxistas en Acción, Theo Oberhuber, apuntou que os transxénicos «son a causa do envenenamento progresivo do medio natural» e advertiu que a súa inxesta «é similar a comer insecticidas». «É unha das principais ameazas para a agricultura ecolólica porque trunca todos os nosos intentos de poñer o mercado produtos saudables e respectuosos co medio», criticou. Ademais, apuntou que «a pasividade do Goberno vai agravar a situación».

Por outra parte, o responsable da campaña de Transxénicos de Greenpeace, Juan Felipe Carrasco, indicou que, só en 2008, se cultivaron con eles un total de 79.300 hectáreas de todo o país. Segundo explicou, as rexións «máis transxénicas» foron Aragón (33.000 hectáreas); Cataluña (25.300 hectáreas) e Navarra (5.200 hectáreas), xa que «as grandes empresas que impulsan este tipo de cultivos prefieren o modelo agrícola de grandes latifundios que se dá nestas e outras comunidades do norte de España».

Para Carrasco, a actitude que mantén a Administración neste asunto é «totalmente incoherente», xa que a pesar de que hai un mes apoiou a moratoria contra o cultivo de millo transxénico en países europeos como Austria ou Hungría, «en España se segue cultivando». «O uso de produtos químicos na agricultura crea resistencia ante as pragas, o que obriga a aumentar constantemente as cantidades de pesticida», engadiu.



Manifestación contra o cultivo de transxénicos. AEP

A RECOLLIDA DE DATOS DO CENSO AGRARIO 2009 EMPEZARÁ EN OUTUBRO

O INSTITUTO NACIONAL DE ESTATÍSTICA SOLICITARÁ INFORMACIÓN SOBRE 1,3 MILLÓNS DE EXPLOTACIÓNS AGRÍCOLAS OU GANDEIRAS AOS SEUS TITULARES

► TEXTO: AGENCIAS

O Consello de Ministros autorizou o pasado día 3 unha campaña informativa de apoio á recollida de datos do Censo Agrario 2009 que realizará o Instituto Nacional de Estatística (INE), en cumprimento da normativa europea e segundo o

previsto no Plan Estatístico Nacional 2009-2012 e o seu programa anual 2009.

O Censo Agrario —cuxa recollida de datos empezará no próximo mes de outubro— é unha operación estatística a grande escala, patrocinada polo Estado, na que

se solicitará información de 1,3 millóns de explotacións agrícolas ou gandeiras aos titulares (persoas físicas e xurídicas). Os datos quedarán amparados polo 'segredo estatístico' e suxeitos á protección de datos de carácter persoal.

O Censo Agrario proporcionará datos relativos ás características da organización e a estrutura do sector e á utilización de recursos como a terra, a auga ou a man de obra, así como outras variables sobre desenvolvemento rural e agricultura ecolólica.

Isto permitirá avaliar a situación da agricultura e gandaría española, e o seguimiento da evolución estrutural das explotacións agrarias, así como obter resultados comparables entre todos os Estados membros da Unión Europea.

ACRUGA DARÁ CATRO CHARLAS INFORMATIVAS EN LUGO SOBRE O CONTRATO ECOM

► TEXTO: R.T.

A Asociación Nacional de Criadores de Gando Vacún Selecto de Raza Rubia Galega (Acruga) programou charlas informativas este mes por toda Galicia acerca do denominado Contrato de Explotación Colaboradora da Mellora da Raza Rubia Galega (Ecom) correspondente o presente ano.

Catro das charlas celebraranse na provincia lucense, concreta-

mente na Fonsagrada, o martes 14 de abril, ás 12.00 horas, no salón de actos (detrás do instituto); Monforte de Lemos, o mércores 15 de abril, ás 11.30 horas, na casa da cultura; Lugo, o luns 20 de abril, ás 12 horas, na Facultade de Veterinaria, e Vilalba, o venres 24 de abril, ás 12.00 horas, no salón de actos da casa da cultura.

O contrato Ecom desenvolveuse xa o pasado ano coas ganderías asociadas a Acruga, co propósito de mellorar e favorecer ás explotacións adheridas ó mesmo, e «promocionar a recria de xovencas de raza pura rubia galega».

O prazo para asinar o mesmo contrato correspondente a este ano abrirase o vindeiro mes.